



## **1.- II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**

---

Como sabedes, durante os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo celebraremos en Santiago de Compostela o **II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente, organizado conxuntamente pola SGAPEIO e pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE).

Queremos recordar que o día **15 de maio** remata o período de inscrición a prezo reducido.

Ademais, lembramos que están convocados DOUS PREMIOS, de 500 € cada un, ás mellores comunicacións presentadas no Encontro por un investigador/a novo/a. Para optar a un destes premios, ademais de cumprir os requisitos establecidos nas BASES, hai que enviar unha mensaxe ao enderezo electrónico [bioapp2016@sgapeio.es](mailto:bioapp2016@sgapeio.es), co asunto "Premio BIOAPP2016-Ciencias da Saúde" ou "Premio BIOAPP2016-Ecoloxía-MedioAmbiente". O prazo para presentarse aos premios **remata o día 15 de maio**.

Máis información: <http://biometria.sgapeio.es>

## **2.- Galician Seminar of Nonparametric Statistical Inference**

---

O Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela organiza o **Galician Seminar of Nonparametric Statistical Inference (GSNSI)** os días 8 e 9 de Xuño do 2016.

Con motivo do 60 aniversario do profesor Wenceslao González Manteiga, director ata a actualidade de 30 teses doutorais, organízase este evento coa idea de mostrar nunha serie de conferencias os avances que se deron ao longo destes anos e na actualidade nos diferentes grupos de investigación de Estatística en Galicia. Á súa vez estes relatorios complementáanse con outras de investigadores que mostraron ao longo dos anos unha frutífera colaboración cos investigadores galegos.

A inscrición é gratuíta e realizarase antes do 31 de maio na seguinte ligazón: <http://eio.usc.es/pub/gsnsi/index.php/gl/inscripcion>

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/gsnsi>

## **3.- Oposicións ao IGE**

---

A Consellería de Facenda convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos (DOG nº 84 do 3 de maio de 2016).

O obxecto do proceso selectivo será cubrir (catro) 4 prazas do corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de

estadísticos, polas quendas de promoción interna e acceso libre. O sistema selectivo será o de oposición.

O número de vacantes reservadas á quenda de promoción interna ascende a dúas (2) prazas. O número de vacantes reservadas á quenda de acceso libre ascende a dúas (2) prazas.

Máis información:  
[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/oposicions2016/ConvocatoriaProcesoSelectivoEscalaSuperiorEstatisticos\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/oposicions2016/ConvocatoriaProcesoSelectivoEscalaSuperiorEstatisticos_ga.pdf)

#### **4.- Curso de Control estatístico da calidade con R (V edición)**

---

A Universidade de Vigo organiza a V edición do curso virtual "**Control Estatístico da Calidade con R**", dirixido a enxeñeiros e profesionais (responsables e técnicos) do control da calidade nas empresas.

O curso inclúe unha breve introdución ao programa R e as técnicas estatísticas de control de calidade máis empregadas, con datos e exemplos paso a paso, asequibles para usuarios non expertos. Non é imprescindible ter un nivel elevado de Estatística ou coñecer previamente o programa R, aínda que estes coñecementos poden aumentar o rendemento do alumno.

O curso é fundamentalmente práctico e aplicado, e realizarase de forma virtual mediante secuenciación das unidades didácticas a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo, Faitic.

- Importe da matrícula: 125 € (90 € parados).
- Período de matrícula: do 1 ao 25 de maio de 2016.
- Período de docencia: do 1 ao 30 de xuño de 2016.

Máis información: <https://bubela.uvigo.es/curso/2726>

#### **5.- Curso de Estatística Aplicada con R**

---

A Unidade de Bioestatística do Instituto IMDEA Alimentación e a Facultade de Ciencias da *Universidad Autónoma de Madrid* (UAM) organizaron conxuntamente a II Edición do programa de formación continua en "**Estatística Aplicada con R**" que se vai impartir en Madrid en 2016 de forma presencial. O programa está composto por 7 módulos que poden ser cursados de forma independente:

1. Introducción a R: 22 e 23 de setembro.
2. Métodos de Regresión con R: 6 e 7 de outubro.
3. Métodos de Regresión Avanzados para a Investigación en Ciencias Naturais con R: 19, 20 e 21 de outubro.
4. Estatística Aplicada á Investigación Biomédica con R: 24, 25 e 26 de outubro.
5. Modelos Mixtos / Xerárquicos / Multinivel con R: 16, 17, 18 de novembro.

6. Estadística Multivariante con R: 24 e 25 de novembro.
7. Técnicas Estadísticas de Data Mining con R: 12, 13, 14, 15 de decembro.

Máis información: [http://www.alimentacion.imdea.org/sites/default/files/Formacion/Programa\\_Curso\\_Estad%C3%ADstica\\_Aplicada\\_con\\_R\\_2015.pdf](http://www.alimentacion.imdea.org/sites/default/files/Formacion/Programa_Curso_Estad%C3%ADstica_Aplicada_con_R_2015.pdf)

### **6.- 7th Annual Financial Market Liquidity Conference**

---

The Financial Research Centre, Department of Finance, Corvinus Business School, Corvinus University of Budapest and the Game Theory Research Group, Centre for Economic and Regional Studies, Hungarian Academy of Sciences are organizing the **7th Annual Financial Market Liquidity Conference** that will be held at the Corvinus University of Budapest (Hungary), 17th-18th November, 2016.

The aim of the conference is to bring together academics and practitioners to discuss state-of-the-art results in the field of financial market liquidity. These topics include:

Market Liquidity and Funding Liquidity; Liquidity Aspects of Systemic Risk; Game Theoretic Aspects of Liquidity and Financial Markets; Global Liquidity (both Public and Private) and Regulations; Leverage and Macroeconomic Determinants; Market Microstructure with Emphasis on Liquidity; Asset Pricing and Management with Illiquid Assets; Illiquid Alternative Investments and Asset Innovations.

Further information: <http://liquidityconference.uni-corvinus.hu/>

### **7.- X Premio Francisco Cobos 2016**

---

A Fundación Francisco Cobos convoca o **X Premio Francisco Cobos**, dotado con 50.000 Euros, co obxectivo de premiar o labor dun investigador español ben establecido que, tendo realizado achegas relevantes de investigación biomédica nos cinco últimos anos, poida reforzar a súa actividade investigadora e potenciar a súa proxección científica cos recursos obtidos mediante este Premio.

O xurado designado polo Padroado da Fundación para outorgar o devandito Premio estará composto por 6 profesores de recoñecido prestixio no campo da Biomedicina.

A data límite de presentación de candidaturas será o próximo **25 de Maio de 2016**, e o fallo do xurado coñecerase non máis tarde do **10 de Xullo de 2016** e será publicado na páxina web desta Fundación.

Máis información: <http://fundacionfranciscocobos.org/convocatorias-y-actividades-programadas/>

## **8.- Bolsas Eduardo Gallego 2016**

---

A Fundación Francisco Cobos convoca 2 bolsas, denominadas “Eduardo Gallego” e dotadas con 24.000 Euros cada unha, para apoiar a continuidade na carreira científica de investigadores postdoutorais destacados no campo da Biomedicina e que sexan beneficiarios no último ano dunha axuda de investigación institucional de excelencia.

O xurado designado polo Padroado da Fundación para outorgar as devanditas Bolsas estará composto por dous profesores de recoñecido prestixio no campo da Biomedicina.

A data límite de presentación de candidaturas será o próximo **25 de Maio de 2016**. O fallo do xurado coñecerase non máis tarde do **25 de Xuño de 2016** e será publicado na páxina web desta Fundación.

Máis información: <http://fundacionfranciscocobos.org/convocatorias-y-actividades-programadas/>

## **9.- Oferta de emprego público para o INE**

---

Na Oferta de Emprego Público para o ano 2016 (BOE Nº 70 do 22 de marzo) apróbaronse 26 prazas para o Corpo Superior de Estatísticos do Estado e 40 para o Corpo de Diplomados en Estatística do Estado, na quenda de acceso libre. O *Instituto Nacional de Estadística* (INE) espera convocar as correspondentes oposicións ao longo deste ano 2016.

Unha vez convocadas as oposicións, o INE realizará unhas sesións informativas, nas que se detallará o proceso da oposición e as condicións de acceso ao Organismo. Toda a información relacionada con este tema irase publicando na súa páxina web: [www.ine.es](http://www.ine.es).

## **10.- Two years post doc position and PhD fellowship in statistical methods**

---

A two years post doc position and a PhD fellowship in statistical methods for data from electronic health records at Department of Statistics, University of Leeds, UK

You will develop statistical methods aiming to obtain insight in mechanisms underlying human diseases and health and to define patient subgroups with specific risk profiles. The methodological challenges are to integrate various data sources (e.g. imaging, omics, genetics, family history, electronic health records) while taking into account the differences between these datasets: scale, measurement error, incompleteness, size and heterogeneity etc. Various datasets are available that motivate the research questions and can be used as illustration for method development. Finally, you will develop user friendly tools to enhance the use of the methods in practical settings.

For more information, contact Prof Jeanine Houwing-Duistermaat [j.duistermaat@leeds.ac.uk](mailto:j.duistermaat@leeds.ac.uk)

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Lope Gómez de Marzoa s/n

Campus Sur, 15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)

Web: <http://www.sgapeio.es>